PARTES DO CORPO HUMANO

A CABEZA

o curuto;a cara, o rostro, a face ou a faciana;

a fronte;a tempa, sen ou vidalla;

a orella;a fazula ou meixela;

o ollo; a cella; o cello; a pálpebra; a pestana; o iris; a pupila ou meniña do ollo;

o nariz; as ventas do nariz;a bochecha ou o pómulo;

a boca; o beizo ou labio; o dentame, a dentadura ou a dentición; o dente; o cairo; a moa (moa do xuízo ou moa do siso); a lingua; o padal ou ceo da boca; o veo do padal; a campaíña ou úvula; a gorxa;

o queixo; a queixada (rexión da meixela que se corresponde coa mandíbula);

a papada, o papo (papo da cara) ou a papeira;

o colo ou o pescozo (non se pode utilizar pescozo para as prendas de roupa); **a noz; a caluga ou noca**.

O TRONCO

o ombreiro ou ombro;a axila ou sobrazo;

as costas; a omoplata; o lombo (dende os ombreiros ata a cintura)**; o cadril** (parte baixa a continuación do lombo, pl. os cadrís)**;**

o ventre ou abdome; o van ou a cintura; o embigo; a barriga; a cadeira;

o cu; a nádega ou cacha; a regaña do cu; o ano, o fecho ou o ollo do cu;

o peito (xenérico)**; o peito, o seo, a teta ou a mama; a mamila ou o bico do peito; a aréola;**

a pube; a vulva (coloq. a cona); **o pene** (coloq. o carallo): **o testítulo** (coloq. o collón ou o ovo).

O BRAZO

o cóbado; o antebrazo;

o pulso; a man; o dorso da man; a palma da man; o coteno, cotelo ou cotobelo; **a unlla; a xema do dedo;**

os dedos; o polgar, matapiollos ou cachapiollos; **o índice**, mostreiro ou furabolos; **o corazón**, maior ou pai de todos; **o anular**, mediano, medianiño ou dedo do aro; **o maimiño** ou pequeniño.

A PERNA

a ingua, éngoa ou **virilla**;

a coxa;

o xeonllo; a sofraxe;

a canela; o papo da perna; o nocello, o noelo ou o tornecelo;

o pé; a empeña; a deda; a planta do pé; o calcaño, o calcañar ou a calcañeira.